



*VILAFIZ (SANTA MARÍA)



Parroquia situada ao sudeste do concello que ocupa unha superficie de 10 km². Conta con 54 habitantes repartidos entre 10 entidades (Acevedo, A Folgueira, Fondemera, Gonce, As Laxes, O Outeiro, Rebordelo, Remesil, Romá e Vilafiz) e unha densidade de poboación de 5,4 hab/km².



O monumento máis coñecido é o Pazo de Remesil, unha construción magnífica de granito e de planta en forma de 'u'. Polos escudos que se conservan en varios saintes do edificio puido pertencer a varias familias, entre elas os Novoa, os López e os Montenegro.

A aldea de **Vilafiz**, que dá nome á parroquia, parece ser unha *Villa Felicii*, é dicir, unha vila propiedade dun posuidor chamado *Felicius*, nome latino que derivaría de *Felix-icis* («feliz»).

Acevedo parece ser unha zona onde abundan os acevos ou acivros, unhas árbores silvestres da familia das aquifoláceas, de follas brillantes elípticas ou ovais, duras e con espiñas nos bordos. Procede do latín vulgar *aquifolium*, e aparece nomeada nun documento sen data dos Tumbos de Sobrado, ao igual que a aldea de **A Folgueira** (do lat. *filicaria*), un fitónimo que alude á abundancia de fentos (do lat. *filix*).

Outro fitónimo presente nesta parroquia é o de **Rebordelo**, que vén a ser un sinónimo do termo carballeira (do latín *roborotellum*, de *roboretus*).

O lugar de **Fondemera**, pola súa parte, é a fonte onde nace o río Mera, un hidrónimo prerromano e afluente do río Miño.

Gonce ten a súa orixe noutro antropónimo, neste caso tamén feminino, que se escribiría Gundia ou Gonza.

Remesil procede do antropónimo feminino xermánico *Remesildi*.

Romá sería unha antiga *villa romana*, propiedade dun *Romanus*. Por último, **As Laxes** e **O Outeiro** xa foron tratados noutras parroquias (ver Miraz e Carballo, respectivamente)

*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Entnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis